



Onde Oleiros é Mar

2000 anos da historia perviven
nas antigas edificacións da beiramar



Oleiros constrúe o seu futuro apostando porque o arraigo mariñeiro perviva en espazos recuperados para todos. Os actuais usos de patrimonio herdado forxan a identidade do concello.

Os numerosos castros litorais mostran que esta comarca foi amplamente ocupada desde hai milleiros de anos. Son o primeiro elo da historia construída e hoxe visitable do concello a través de todo o seu patrimonio.

Destacan as antigas instalacións portuarias e para o marisqueo espalladas por toda a franxa litoral. Pequenos peiraos empregados tamén para o outrora importante transporte marítimo coa cidade. Son senlleiras tamén as instalacións defensivas que desde o século XVI até o XX se ergueron no litoral como o xa citado castelo de Santa Cruz, ou a batería militar de Mera. Pero se ben en Oleiros viviu xente do mar, a súa contorna e clima agradables atraeron de sempre visitantes, como se pode comprobar na cantidade de caseróns históricos, algúns dos cales, incorporados ao patrimonio municipal, albergan hoxe bibliotecas, museos e outros equipamentos sociais.



A Igrexa románica de Dexo, única do xénero, sobreviviu a séculos de ataques navais



Os grandes buques apálanas nos faros de Mera e de Perillo para as difíciles viraxes de entrada ao Porto da Coruña

Biblioteca Central Municipal na finca Rialede



Recunchos fermosos nos paseos litorais



O Porto de Santa Cruz, coa antiga conserveira a principios do século XX

Video da Fábrica de Perillo



Unha fábrica de vitalidade e novos talentos

A memoria dos avós está máis próxima aos netos neste espazo de arqueoloxía industrial.

As paredes da Fábrica de Perillo acolleron salgadoiros de peixe, fábricas de cervexa para os destacamentos ingleses do arsenal de Ferrol, recheo de anchoas para as olivas...Un bulir de actividades reflectidas nunha cheminea que hoxe é sinónimo de lugar de encontro, deporte e cultura co seu auditorio, piscina, naves para deportes náuticos, Casa da Xuventude, etc.

Unha nova Fábrica pero neste caso de talento e creatividade.



- 1 · Museo dos Oleiros
- 2 · Faros de Mera
- 3 · Enfilacións de Punta Fieiteira
- 4 · Castelo de Santa Cruz
- 5 · Monumento aos emigrantes (Parque Luis Seoane de Santa Cruz)
- 6 · Casa Rialede
- 7 · Torreón Bescansa
- 8 · Igrexa Románica de Dexo
- 9 · Igrexa Barroca de Liáns
- 10 · Santuario de Sta. María da Cabeza
- 11 · Capela de Sta. Ana
- 12 · A Fábrica de Perillo

- 1 · Castro de Subiña
- 2 · Castro de Punta Roza
- 3 · Castro de Torrella
- 4 · Castro de Xaz
- 5 · Castro de Sta. Cristina

